



Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua
CIF: G-15542897
Apdo. 771 Santiago de Compostela
contacto@ctnl.info
www.ctnl.info

Proposta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de inclusión no programa para as eleccións municipais de 2007 da creación/consolidación dun servizo de normalización lingüística (SNL)

A normalización lingüística é un proceso social participativo que, ou é protagonizado pola propia sociedade que se implica nun proceso de cambio, ou non se consegue, e as administracións públicas locais teñen a obriga¹ e responsabilidade de apoiar e promover ese proceso. Para implicar á sociedade, as administracións deberían implementar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras.

Para desenvolver e implementar as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo, oficinas técnicas, etc.; para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura; para desenvolveren as políticas ambientais crean departamentos de medio ambiente; etc.

Pois ben, no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os servizos de normalización lingüística (SNL).

Por isto, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), **instamos a todas as organizacións políticas a incluír no seu programa para as eleccións municipais de 2007 o seguinte punto** relativo á política lingüística desde o concello e complementario a outras propostas que se poidan ter para a normalización da lingua galega:

Creación [ou potenciación e consolidación, de ser o caso] dun servizo de normalización lingüística (SNL) estábel con capacidade de intervención social, ben propio, ben consorciado, dotado de recursos humanos e económicos, co obxectivo xeral de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todo o ámbito social do concello e con funcións claramente dinamizadoras, formativas e de asesoramento.

¹ «...as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras» (Art. 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística).